

VIGO e o MAR

CADERNO PARA O ALUMNADO



Vista de Vigo. Urbano Luguís (1953). Colección Abanca

Neste documento inclúense unha serie de actividades para afianzar e asimilar os contidos da unidade didáctica, así como material de traballo.

Preséntase, por unha banda, unha proposta de preguntas para traballar individualmente relativas a cada un dos bloques temáticos, e por outra banda, un traballo preparatorio e outro de peche, este último de carácter grupal.

ACTIVIDADE INICIAL

Miolos a funcionar!

Imaxina que unha persoa que coñeces de fora de Vigo ven visitar a cidade, nunca estivo antes e ignora case todo dela.

(1) En poucas palabras cóntalle o que é a cidade para ti de xeito que se faga unha primeira idea sobre a mesma, sobre o que se pode atopar, sobre o que é e o que foi.

(2) As túas verbas despertan moito interese e quere saber e coñecer máis de Vigo, organizas un paseo pola cidade, que lugares lle ensinarías e que lle explicarías en cada un deles?

Mans na masa

Colle o mapa de Vigo.

- Como se fose o subtítulo do mesmo escribe nunha frase o que lle dirías sobre Vigo (1).

- Agora imos facer un pouco de acupuntura urbana. Pon un afinete naqueles lugares esenciais do paseo polo cidade e une os puntos cun fio trazando unha ruta. Fai un pequeno texto explicando que é cada un deses lugares do mesmo xeito que o farías para esa persoa que ven visitarte (2)

** Non esquezas que non hai unha resposta única, nin un mapa máis válido que outro, hai tantos Vigos como vigueses o habitan, cada un coas súas memorias e vivencias.*

En común

Colle o mapa que creaches e cólgao na parede da aula xunto aos dos teus e túas compañeiras Fálalles do teu mapa e dos lugares que hai nel.



A Ría de Vigo

PREGUNTAS

BLOQUE I. O ENTORNO NATURAL

1. Pensa na ría de Vigo, todos os seres humanos que a ollaron viron o mesmo que ti? cal foi o cambio máis significativo?
2. Poderías dicir quen foron as últimas comunidades humanas que chegaron camiñando ata as Illas Cíes dende a costa de Vigo?
3. Porque crees que apenas atopamos restos materiais dos primeiros poboadores de Vigo?
4. Porque cambiou tanto o nivel do mar durante o pasado?
5. A que se debe a subida actual?
6. Que consecuencias tivo a subida do nivel do mar para as poboacións asentadas na costa?
7. Cales foron os principais recursos que as comunidades humanas obtiveron da Ría? e hoxe, aínda se extraen eses recursos?
8. Sinala as principais ameazas para o mantemento do ecosistema da Ría.

linha do tempo

Idade do Ferro

0

800 a.C.



O Castro de Vigo

PREGUNTAS

BLOQUE II. OS ANTECEDENTES DA CIDADE (1)

1. Cales foron as primeiras comunidades sedentarias que habitaron o territorio actual de Vigo?
2. Como se chamaban os seus poboados?
3. Cal foi o poboado máis importante da comarca? Porque?, sinala nun mapa a súa localización e extensión aproximada
4. Porque os seus habitantes escolleron ese lugar?

linha do tempo

Antigüidade

0

s. V d.C.

800 a.C.

L M M X V



Salinas do Areal

PREGUNTAS

BLOQUE II. OS ANTECEDENTES DA CIDADE (2)

1. Delimita nun mapa de Vigo o ámbito aproximado que ocupaba o asentamento galaico-romano de Vigo.
2. Marca no mesmo os diferentes barrios e sinala a actividade principal que se daba en cada un deles.
3. Agora responde a seguinte pregunta: cales eran as principais actividades produtivas dos habitantes do vicus?

liña do tempo

Idade Media

s. XV

s. V d.C

0

800 a.C.

L M M X V



Colexiata de Santa María.

*Levantada no mesmo lugar onde se emprazaba a igrexa románica orixinal

PREGUNTAS

BLOQUE III. AS ORIXES MEDIEVAIS DE VIGO

1. Delimita no plano o Vigo medieval.
2. Que edificios se atopan no espazo central do núcleo medieval, porque crees que é así?, nomea aló menos dous deses inmobles.
3. Explica cales eran as singularidades do Berbés e a que se dedicaban os seus moradores
4. Quen foi María Alfonso de Pazos Figueroa?
5. Porque crees que Vigo creceu mais que outras aldeas rurais próximas ata converterse nunha vila?

A maiores:

Indaga sobre a túa parroquia: ten a súa igrexa unha orixe medieval?, se non e así averigua cal é a máis próxima. Queda algún vestixio dese periodo na propia igrexa, ou nalgún museo?

linha do tempo

Idade Moderna

s. XVIII

s. XV

s. V d.C

0

800 a.C.



Fortaleza do Castro.

PREGUNTAS

BLOQUE IV. A VILA PESQUEIRA FORTIFICADA

1. Fíxate no primeiro plano coñecido de Vigo (1597), identificas algúns elementos, edificios, barrios, da cidade actual? Cales?
2. Fíxate ben nos textos escritos no plano, podes mencionar algunha das actividades económicas das que vivirían moitos dos habitantes da vila?
3. Compara o primeiro plano de Vigo de inicios da Idade Moderna (1597) cun dos últimos deste período (1773), cales son as principais diferencias?
4. Cal foi o barrio que experimentou maior crecemento durante a Idade Moderna? Quen foron e a que se dedicaban os seus poboadores? Porque se instalaron neste lugar?
5. Lembras algunha actividade similar que se fixera neste lugar moito tempo atrás? Porque crees que ocuparon o mesmo lugar?

liña do tempo

I. Contemporánea

Hoxe s. XVIII

s. XV

s. V d.C

0

800 a.C.



Conserveira Alfageme

PREGUNTAS

BLOQUE V. A CAPITAL GALEGA DA INDUSTRIA

1. Que tipo de industria foi o motor de desenvolvemento de Vigo?
2. Cales foron os seus antecedentes?
3. Onde se instalou, cal foi o primeiro barrio industrial de Vigo?
4. Cara onde se trasladou despois?
5. Colle o mapa de Vigo e identifica e delimita eses barrios?
6. Es capaz de sinalar algunha industria conserveira en cada un deses barrios que aínda estea en pé?

ACTIVIDADE FINAL

En común

Recupera o teu mapa de Vigo.

Aproveita que aínda non chegou esa persoa que ven coñecer a cidade, revisa o mapa e pensa, engadirías algo? diríaslle algo diferente sobre a cidade ou non?

Xúntadevos toda a aula e poñede en común as vosas ideas. Decidide agora como presentaríades a cidade a ese amigo.

Crede conxuntamente un novo mapa e seleccionade aqueles elementos que consideredes imprescindibles, escribide aquilo que lle contaríades a esa persoa.


A maiores

Queres saber que contan outras persoas sobre Vigo? indaga nas obras de artistas que representaron aspectos ou dimensións da cidade, que imaxen transmiten? (Podes empezar por pintares como Urbano Lugris, Francisco Padilla ou membros do grupo Atlántica, ou por películas como os Lunes al sol e Talleres Alonarti entre outras).

Discutide cal obra é a que máis ten en común coa vosa idea de Vigo

+ material de traballo

Vigo a través dos seus planos



1597

+ material de trabajo

Vigo a través dos seus planos



1773